

Mercedes Queixas e Antón Riveiro Coello, gañadores nos premios da AELG

A biografía sobre Kruckenberg e 'Laura no deserto', dous dos libros do ano para a Asociación de Escritores



O pasado sábado, e como cada ano, a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega celebrou a tradicional Cea das Letras nas que se deu a coñecer as obras gañadoras como as mellores do ano nas distintas categorías. Nesta ocasión, dous libros de Editorial Galaxia resultaron escollidos polos socios e socias os mellores de entre todos os publicados o ano pasado. Así, no apartado de Ensaio, a obra de [Mercedes Queixas Zas](#), '[Vivir, unha aventura irrepetíbel. Biografía de M^a do Carme Kruckenberg](#)', alzouse co galardón, mentres que a mellor obra de narrativa resultou ser, a xuízo dos membros da AELG, '[Laura no deserto](#)' de [Antón Riveiro Coello](#).